

## Ferrol cara a un modelo urbano máis sostible e habitable

### O PLAN DE MOBILIDADE E ESPAZO PÚBLICO

Falar de modelo de mobilidade é practicamente falar de modelo de cidade. O transporte e a mobilidade de persoas e mercadorías condiciona en boa medida a calidade de vida e o benestar social dos residentes e remata sendo un dos principais definidores da morfoloxía urbana.

Por outra parte, as disfuncións asociadas a este modelo actual (ruído, dificultades de aparcadoiro, contaminación, perda de tempo, accidentes, condicionamento do espazo público, custo económico...) son moi importantes e prexudiciais para a calidade de vida da cidadanía.

A resolución a estes problemas non é doada, porque supón repensar o noso modelo de cidade dende unha perspectiva integrada. O espazo público, que agora se viu usurpado en boa parte polo vehículo privado, tivo sempre un papel predominante nun modelo de cidade máis sostible. Do mesmo xeito, o espazo público está na base do benestar e a cohesión sociais, ao promover a relación e o contacto, verdadeira función da cidade.

É necesario devolver á cidadanía o espazo público, garantindo ademais o bo funcionamento da cidade: a carga e descarga, o aparcadoiro, o transporte público, a bicicleta, o vehículo privado...

# FERROL

Praza de Armas s/n  
15402 Ferrol

T: 981 944 000

informacion@ferrol.es  
www.ferrol.es



Programa  
Urban Ferrol

Este proxecto está cofinanciado por



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

## XORNADAS DE PROMOCIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE PEONIL E O ESPAZO PÚBLICO



# FERROL

**DATAS** 9 e 10 de decembro

**HORARIOS** de 17.00 a 20.00 h Entrada libre

**LUGAR** Sede Afundación Praza da Constitución [Ferrol]

# PROGRAMA

## 9 DECEMBRO MÉRCORES

17.00 - 17.15 h

**Jorge Suárez Fernández** *Alcalde de Ferrol*

**María Fernández Lemos** *Concelleira de urbanismo*

Presentación das xornadas

17.15 – 17.45 h

**María Ramos Sanz** *Corredactora da Axenda 21 de Ferrol*

“Axenda 21: Os retos da cidade”

17.45 – 18.30 h

**Xavier Pont** *Axencia de ecoloxía urbana de Barcelona*

“Os instrumentos para o cambio:

- Plan de Mobilidade e Espazo Público Ferrol

- Supermazás no barrio da Magdalena

- Estudo de implantación de nova rede de autobuses urbanos de Ferrol”

18.30 – 19.15 h

**José Escalante** *Técnico xefe do servizo de mobilidade e transportes do concello de Burgos*

“Burgos: cómo hemos cambiado!”

19.15 – 20.00 h

Coloquio

## 10 DECEMBRO XOVES

17.00 – 17.40 h

**Rafael González Ruiz e José Emilio Medero**

*Subinspectores Policía Local*

“Gijón móvese en verde”

17.40 – 18.10 h

**Rafael Laport e Rubén Casal** *Técnicos do Centro de recursos informáticos do Concello de Ferrol*

“Ferramentas tecnolóxica e mobilidade no Concello de Ferrol: desde a xestión interna ao cidadán”

18.10 – 18.50 h

**Manuel Moles** *Moovit*

“O cidadán 3.0 no transporte público”

18.50 – 19.30 h

**Pablo Barco**

*Coordinador Técnico da Rede de cidades que camiñan*

“Cidades pensadas para camiñar”

19.30 – 20.00 h

Coloquio

# OBXECTIVOS

## EN RELACION Á SOSTIBILIDADE

• Avanzar no modelo de cidade máis sostible para Ferrol: unha cidade compacta, diversa, eficiente e cohesionada socialmente.

## MOBILIDADE SOSTIBLE

• Establecer unha nova xerarquía no uso da cidade, na que o peón sexa o protagonista, seguido dos medios de transporte non motorizados e o transporte público e, en último termo, o vehículo privado.

• Asegurar a convivencia entre as diversas formas de moverse na cidade e a interoperatividade entre modos, sobre todo nos non motorizados.

• Incentivar e fomentar o uso do transporte público e desincentivar o vehículo privado.

• Conseguir que os medios non motorizados se convirtan nun medio de transporte habitual.

• Lograr un transporte eficaz e eficiente no uso da enerxía.

• Promover a accesibilidade universal aos diversos modos de transporte.

• Sensibilizar e informar á cidadanía con respecto aos distintos modos de desprazamento.

## MODELO DE CIDADE

• Apostar por unha cidade segura e accesible.

• Lograr unha cidade menos contaminante e ruidosa.

• Buscar solucións á mobilidade que non consuman chan.

• Integrar a mobilidade dentro das políticas urbanísticas.

• Conseguir un espazo público amplo para a cidadanía e restrinxido para os vehículos a motor, primando as persoas fronte ao vehículo particular, ben comunicado para peóns e ciclistas, e cun transporte público rápido e frecuente con outros espazos afastados.

• Procurar un espazo público que acolla a vida social e económica e integre comercios e locais de ocio e servizos, e que acolla frecuentes actividades colectivas para grupos pequenos.

